

# Carlos Montenegro ou a vida como novela

Prudencio VIVEIRO MOGO

Consello da Cultura Galega

pveiro@hotmail.com

A imaxe máis común que temos do emigrante galego é a do dependente de comercio nunha concurrida rúa de Bos Aires ou da Habana. Esta visión, aínda sendo certa, non dá a medida exacta do que foi a emigración galega. Houbo, en efecto, moitos galegos dedicados ás tarefas comerciais, industriais ou mesmo agrícolas, mais podemos atopar tamén unha minoría de galegos que destacou no eido das letras, ben como xornalistas, ben como escritores<sup>1</sup>. É o caso de Carlos Montenegro. Achegámonos á súa vida e á súa obra a través das seguintes liñas.



A vida de Carlos Montenegro parece sacada dunha das súas novelas e, porén, foi real: dramáticamente real. Pouco coñecido en Galiza, Montenegro é un dos principais narradores cubanos do século XX. Os seus libros están marcados polas súas intensas vivencias.

## 1. NOTAS BIOGRÁFICAS

Carlos Antonio Montenegro Rodríguez naceu na Pobra do Caramiñal o 27 de febreiro de 1900.

<sup>1</sup> Sen dúbida foi no eido do xornalismo, e no marco da emigración arxentina, onde podemos atopar máis nomes de emigrantes vencellados ao mundo das letras. Desde o auroral *El Gallego* (1879), dirixido en Bos Aires por César Cisneros Luces (1849-1897), podemos sinalar tamén os casos de Fortunato Cruces Angueira (1870-1961), director de *Nova Galicia*; Manuel Castro López (1860-1926), coa cabeceira *El Eco de Galicia*; ou José R. Lence (1874-1951), na dirección de *Correo de Galicia*. Porén, foi na Habana onde aparecería o primeiro xornal integramente en galego, *A Gaita Gallega* (1885), baixo a inspiración de Ramón Armada Teijeiro (1858-1920) e de Manuel Lugo Freire (1863-1940).

O seu pai, Ramón Montenegro Domínguez, foi oficial do exército colonial español en Cuba. A súa nai, Mercedes Rodríguez Pacheco, era natural da Habana. Nalgúns dos seus contos Montenegro recreará a súa infancia. Así, no relato *La mar es así* escribe:

Si no ha crecido en mi memoria, aquel era el mayor espectáculo de la naturaleza; era en verdad el más hermoso. Desde los acantilados sobre la mar infinita se imponía un paisaje que aún da a mi espíritu, en ocasiones difíciles, una enorme fuerza. Hacia el oriente todo era piedra, mar profunda y luz. A veces la mar, espantosamente bravía, lo borraba todo en su superficie, arrojando después a la playa restos minúsculos de madera y en ocasiones un ahogado, el rostro duro y moreno, un poco hinchado el vientre, que en seguida se veía rodeado de muchachos mudos y mujeres sollozantes. A veces la mar estaba asombrosamente apacible. “La mar es así”, decía mi padre.

As penalidades da vida de Carlos Montenegro comezarían axiña e serían, no futuro, fonte inesgotábel para a súa narrativa. A ruína do negocio pesqueiro do pai leva á familia a seguir o camiño da emigración. Así, en 1907, sendo aínda un neno, chegou a Cuba. Coa súa familia instálase en Guanabacoa (provincia da Habana), onde cursou estudos no colexio da orde de San Vicente de Paúl. Neste centro de ensino comezaría a difícil vida de Carlos Montenegro, pois axiña foi expulsado por unha falsa acusación de malos tratos.

Os negocios tampouco marchan ben en Cuba e, en 1914, a familia trasládase á Arxentina. No país austral instaláronse na provincia de San Luís, onde vivía un irmán do pai. A experiencia arxentina só durou once meses. Xa de volta en Cuba,

Montenegro alístase como grumete nun barco de cabotaxe e fai vida mariñeira en diversas compañías de navegación do Continente. Desempeña numerosos oficios en México e nos EUA. En México sufriría o seu primeiro ingreso na cadea ao se ver implicado nunha liorta. Esta experiencia serviríalle máis tarde para a redacción da novela *El mundo inefable*, que permanece inédita<sup>2</sup>.

En 1918, nun dos seus regresos á Habana, vese implicado nun asasinato que o levará a ser condenado a 14 anos de prisión. Cumpre a súa condena no Castelo do Príncipe. Este feito traumático de entrar na cadea converteríase, no entanto, no detonante da súa vocación literaria, pois foi no centro penitenciario onde coñeceu ao poeta José Zacarías Tallet<sup>3</sup>, que traballaba alí como funcionario. Este poeta resultou decisivo na posterior vocación literaria de Montenegro e para o seu vencello coa importante publicación revista de avance<sup>4</sup>. Aínda na cadea publica en 1929 o libro *El renuevo y otros cuentos*. Tamén en 1929 casou coa poeta Emma Pérez Téllez<sup>5</sup>.

Carlos Montenegro non esqueceu as súas orixes, de tal xeito que a pegada galega tamén se deixaba sentir no relato “La huella del cacique”, incluído no seu primeiro libro de relatos. En efecto, Montenegro evoca neste texto a súa natal ría de Arousa a través da historia de don Fadrique, cacique local coñecido como *o cubano*. A recreación inclúe una particular visión da lingua galega, que permeneceira no seu maxín:

—Patrón... fachamos cun todo o aparejo... cando entre as espumas, a unas carenta brazas por a proa divisamos as rompentes... A “Rusa” abatía moito; a forza d’o vento e o brusco da maniobra fizo quebrarse el mastilerillo da proa y la escandalosa vínose abaixo, sa coberta, pero detuvimos a marcha e pusímonos a la capa; os golpes da mar rompean por barlovento y talmente quebrábannos as amuras de estribor, adimáis perdíamos máis y máis terreno en camiño d’os arrecifeis.

En 1931, tras saír en liberdade, comeza a dedicarse ao xornalismo. En 1933 afíliase ao Partido Comunista e comeza a traballar no xornal *Hoy*, vencellado a este partido e do cal chegaría a ser xefe de redacción en 1936. En 1934 publica o libro de relatos *Dos barcos*. Foi tamén coeditor da revista *Mediodía*, e no desempeño deste cargo tamén tivo problemas coa xustiza cubana<sup>6</sup>. Así, en 1936 foi xulgado por pornografía logo de publicar na revista un capítulo da súa novela *Hombres sin mujer*. Da revista *Mediodía* foi corresponsal en España nos anos da Guerra Civil. En efecto, das súas experiencias como corresponsal de guerra en España son froito as súas obras *Aviones sobre el pueblo* (1937) –do cal reproducimos un fragmento a continuación– e *Tres meses con la fuerza de choque (División campesino)* (1938).



En 1938 publica en México a súa novela *Hombres sin mujer*, libro que xorde das súas

<sup>2</sup> En efecto, esta obra ficou inconclusa á súa morte. Tratábase, outra volta, dun relato autobiográfico no que Montenegro recreaba o seu paso polo cárcere mexicano de Tampico.

<sup>3</sup> José Zacarías Tallet (Matanzas, 1893 - A Habana, 1989). Premio Nacional de Literatura en 1984.

<sup>4</sup> A publicación literaria revista de avance foi fundada na Habana en 1927 por destacados intelectuais como Jorge Mañach, Juan Marinello ou Alejo Carpentier, entre outros.

<sup>5</sup> Emma Pérez Téllez (Murcia, 1901 - Miami, 1988). Entre as súas publicacións cómpre destacar *Isla con sol*, unha das obras máis importantes na poesía cubana para a infancia.

<sup>6</sup> O primeiro número da revista mensual *Mediodía* apareceu na Habana en xuño de 1936. Estaba editada por sobranceiros intelectuais cubanos vencellados á esquerda. Neste senso, a publicación axiña se convertería nun voceiro dos partidarios da República española en Cuba.

experiencias en prisión. Xunto con Nicolás Guillén<sup>7</sup>, Juan Marinello<sup>8</sup> e outros, en 1938 formou parte da Unión de Escritores y Artistas de Cuba. En 1942 publica *Los héroes*. En 1945 por disputas internas abandona a redacción do xornal *Hoy* e o seu vencello cos comunistas cubanos.

En 1944 sería galardoado co premio “Hernández Catá”<sup>9</sup> polo seu conto *Un sospechoso*. En 1953 viaxou á Pobra do Caramiñal. Froito da súa visita á súa vila natal foi o relato *El regreso*.

Tras o triunfo da revolución en 1959 marcha primeiro a México e máis tarde a Costa Rica. En 1963 estableceuse en Miami, onde viviu o resto da súa vida. Finou o 5 de abril de 1981.

Até aquí, en breves liñas, a biografía desta achega galega ás letras cubanas. Non obstante, o caso de Carlos Montenegro non é o único exemplo de sobranceiro escritor cubano nado en Galiza. Debemos destacar tamén a figura de Lino Novás Calvo (Mañón, 1903 - Nova York, 1983). De feito, a biografía de Novás Calvo ten bastantes puntos en común coa de Montenegro: desde 1927 colaborou coa *revista de avance*, corresponsal en España desde 1931, e tamén durante os anos da Guerra Civil; integrou a redacción do xornal *Hoy*, órgano dos comunistas cubanos. Finalmente, ao igual que Montenegro, a viraxe totalitaria da revolución cubana motivou a súa saída ao exilio.

## 2. TEXTO

Reproducimos deseguido un anaco do libro de Carlos Montenegro *Aviones sobre el pueblo (relato de la guerra en España)*, publicado na Habana tras o seu regreso como corresponsal da Guerra Civil española<sup>10</sup>:

«Pesadas y roncadas en su estruendo se acercaban las máquinas de guerra en busca del pueblo indefenso. En aquel instante los hombres que iban dentro, con las manos puestas en las palancas lanza-bombas, asomaban seguramente sus rostros de extranjeros sobre las bordas de sus aparatos. Se escuchó una orden seca y ruda:

—¡Fuego!

Y entonces de tierra partió la primera ráfaga de disparos seguida de otras muchas. La calle se

llenó de explosiones que silenciaron el tronar que llenaba el espacio, y alrededor de los aviones se vieron pequeñas nubes blancas.

Automáticamente, como si cada grupo formase un solo aparato, se les vio alzar las narices tratando de ganar altura, pero en el intento se precisó cómo las trágicas *ves* se quebraban en el azul. De súbito dos de los aviones hicieron una gran parábola y comenzaron a caer de nariz, girando en círculos irregulares y dejando detrás de sus colas un reguero de humo que fue creciendo hasta que los aparatos se envolvieron en llamas. Otro más, que había logrado volver sobre sí mismo, ardía en un descenso apenas perceptible. Las ráfagas de disparos chasqueantes seguían atronando la calle y ahogando los gritos vencedores de los hombres que servían las piezas.

Aleándose en el limpio azul, los aviones que no habían sido tocados, huían perseguidos por las inexorables nubecillas; cuando ya estaba a punto de perderse sobre las casas lejanas, otro de ellos abatió la nariz y comenzó a barrenar el espacio, dejando atrás, en un descenso lentísimo, las manchas blancas de dos paracaídas.

Al cesar las antiaéreas de disparar, las calles se llenaron de gritos; los hombres corrían a encontrarse y se abrazaban sin soltar los fusiles; en las puertas de algunas casas aparecían rostros furtivos que terminaban por reflejar la alegría de la calle. Unos milicianos corrían hacia donde esperaban que cayeran los aviones, mientras otros, levantando los puños, entonando la *Internacional*.

El tío Ángel, que permanecía inmóvil y mudo, vio llegar al oficial que le había hablado antes; éste se subió al antiaéreo y grito estentóreamente:

—¡Camaradas, gritad conmigo: No pasarán!

Un grito múltiple le respondió llenando el ámbito.

—¡Camaradas! —continuó el oficial subido al cañón—. ¡Los hemos vencido!... Aún seguirán asesinando a nuestros hijos pero ¡los hemos vencido! ¡Aún arrasarán nuestras ciudades, pero los hemos vencido! ¡Los hemos vencido aunque puedan arrollarnos mil veces más! ¡Los hemos vencido desde el momento que nuestras manos de

<sup>7</sup> Nicolás Cristobal Guillén Batista (1902-1989). Con este poeta e xornalista cubano Carlos Montenegro tamén coincidiría na redacción da revista *Mediodía*, á cal Guillén se incorporou en 1936. Por outra parte, Nicolás Guillén tamén viaxaría a España en plena Guerra Civil: en 1937 participaría das sesións do II Congreso Internacional de Escritores para a defensa da Cultura.

<sup>8</sup> Juan Marinello Vidaurreta (1898-1977).

<sup>9</sup> Reconecido galardón de relato curto establecido grazas á disposición testamentaria do escritor e diplomático Alfonso Hernández Catá (1885-1940).

<sup>10</sup> Citamos pola edición de Arén e Rodríguez (2004: 60-62).

proletarios pudieron apretar un fusil! ¡Desde el momento que los pueblos libres del mundo se pusieron a nuestro lado! ¡Hasta los pueblos esclavizados lloran a escondidas por nuestra victoria! ¡Los generales traidores al hacernos la guerra, nos enseñarán a hacerla y vendremos de atrás para ganar! ¡Somos los más y ya estamos arma-

dos! ¡Somos la libertad y la justicia! ¡Somos el pueblo! ¡Por eso los vencimos desde el momento en que hicieron el primer disparo contra nosotros! ¡Bendita sea esta guerra, aunque ellos la hayan desencadenado, porque nos dará el derecho a reconquistar nuestra categoría de hombres!... ¡¡Camaradas, griten conmigo: No pasarán!!»

### 3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARÉN, Román e RODRÍGUEZ, Pastor (2004): *Introducción a Aviones sobre el pueblo (relato de la guerra de España)*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- CUADRIELLO, Jorge Domingo (2002): *Los españoles en las letras cubanas durante el siglo XX. Diccionario bio-bibliográfico*. Sevilla: Renacimiento, p. 119.
- MONTENEGRO, Emma (1995): [Nota biográfica], en Carlos Montenegro, *Hombres sin mujer*. A Coruña: Concello da Pobra do Caramiñal.
- NEIRA VILAS, Xosé (2005): *Xentes e camiños*. Xerais: Vigo, pp. 95-96.
- PUJALS, Enrique J. (1980): *La obra narrativa de Carlos Montenegro*. Miami: Universal.
- VV.AA. (2002): *Da vontade testemuñal á incerteza narrativa: estudos sobre Carlos Montenegro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.